

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL PARA A ITINERANCIA DA EXPOSICIÓN TEMPORAL “AS MIRADAS DE ISAAC”.

En Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA** (en diante a “Fundación”), con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia, situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provista do N.I.F. G 15.721.640.

Está representada neste acto por Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 16 de decembro de 2016, elevados a público ante notario o 19 de decembro de 2016, baixo o número 1689 de protocolo.

Doutra parte, a **FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL** (en diante a “Afundación”), con domicilio social en Cantón Grande, número 8 de A Coruña, e provista do NIF G70270293; constituída consonte á escritura outorgada o día 3 de decembro de 2013, ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Isidoro Antonio Calvo Vidal, baixo o número 1.023 de protocolo. Afundación está inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese galego, sección da Consellería de Facenda, co número 2013/12.

Está representada neste acto por D. Pedro Otero Espinar, e enderezo profesional en Policarpo Sanz 24-26 de Vigo, na súa condición de Director Xerente e Apoderado, consonte aos poderes outorgados polo Padroado da mesma, elevados a público ante notario o 5 de setembro de 2014 baixo o número 790 de protocolo.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (ou “Convenio”), e ao efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Fundación foi constituída o día 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta entidade co número 73.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constituía un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.

A Fundación promove aquelas actuacións que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da cultura galega, e a



formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- b) *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- c) *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.*

Neste contexto, a Fundación organiza a exposición “**AS MIRADAS DE ISAAC**” que conmemora o centenario (20 de agosto de 1920) do nacemento do polifacético autor, pretende amosar o rico mundo heteroxéneo de que fixo gala Isaac Díaz Pardo (debuxante, pintor, deseñador, ceramista, emprendedor, etc.) a través de dez subapartados que nos presentan a vida e a obra dun dos fundadores do Laboratorio de Formas, Edicións do Castro, empresa Sargadelos, etc. A exposición correrá a cargo de Xosé Díaz e Camilo Díaz.

Esta exposición permanece aberta ao público dende o 6 de novembro de 2020 no Museo Centro Gaiás e a súa clausura está prevista para o 30 de Maio de 2021.

Non obstante o anterior, dada a relevancia da figura histórica homenaxeada, a Fundación, en cumprimento dos seus fins fundacionais, estima preciso difundir máis aló das súas instalacións, o patrimonio artístico e cultura xerado por este artista, e dar a coñecer á cidadanía galega á importancia desta figura para Galicia.

Tendo en conta que, entre as actividades fundacionais da Fundación se atopa a realización de todas aquelas que contribúan ao enriquecemento cultural da cidadanía galega, a Fundación debe procurar poñer en marcha proxectos que poidan ser desfrutados por todos os galegos, achegando eses proxectos e facendo máis accesible á cidadanía o coñecemento dos mesmos.

A difusión do legado de Isaac Díaz Pardo, home multifacético e emprendedor poliédrico, constitúe unha oportunidade única polas características da exposición que abrangue os aspectos fundamentais da súa traxectoria vital e artística e para por en valor ao autor perante as novas xeracións de galegos e ás contemporáneas de Díaz Pardo.

Por mor das restricións da COVID no período de exhibición en Santiago de Compostela a exposición veuse diminuída en canto ao número de visitantes previstos nunha iniciativa destas características.

Pola importancia de Isaac Díaz Pardo na vida social e nomeadamente cultural de Galicia, como institución pública é un estímulo a organización desta mostra nas dúas cidades de maior número de habitantes de Galicia. Por una banda A Coruña, cidade vencellada familiarmente ao homenaxeado e por outra Vigo, atendendo á situación xeográfica ao sur coa finalidade de que un maior número de persoas teñan acceso ao coñecemento desta figura senlleira.

SEGUNDO.- Que Afundación foi constituída consonte á escritura outorgada o día 3 de decembro de 2013 como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.



Afundación foi clasificada de interese social e de fomento da economía produtiva de Galicia, por Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de decembro de 2013 (DOG do 18 de decembro), e declarada de interese galego por Resolución da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (DOG de 19 de decembro).

Entre os fins estatutarios de Afundación encóntranse actuacións relativas ao apoio á cultura para cuxa consecución executará, potenciará e/ou proporá, entre outras, as seguintes actividades: promoción do coñecemento, protección e axuda aos bens do patrimonio histórico e cultural de Galicia; impulsar e promover a difusión da arte mediante estudos, publicacións, exposicións e a investigación. Igualmente, fomenta o enriquecemento cultural a través de actividades propias de museos, bibliotecas, etc.

Afundación mantén e desenvolve unha importante actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, e dispón de salas expositivas onde se exhiben destacadas obras do patrimonio cultura de Galicia, tales como:

- Sala de exposicións da sede Afundación de A Coruña: o centro conta con espazos expositivos en tres plantas que permiten tanto o desenvolvemento de calquera tipo de proxecto de exposición como a montaxe de stands, feiras ou mostrarios.

Superficies:

Sala de exposicións plantas 1ª e 2ª: 305 m² / 105 metros lineais.

Sala de exposicións plantas 3ª: 106.00 m² / 45 metros lineais

Sala de exposicións polivalente planta -1

Espazo expositivo planta 0

- Sala de exposicións da sede Afundación de Vigo: a sede conta con tres salas de exposicións de diferente perfil, cuxa programación tamén responde a procedementos diferentes.

Superficies:

Sala de exposición da 1ª Planta: Habitualmente dedicada á Colección Permanente de Afundación presenta unha superficie de 600 m² e 220 metros lineais, preparados para acoller obras de arte ao máis alto nivel.

Sala de exposicións I (acceso por Policarpo Sanz, 26): 60 metros lineais. Dispoñible para a organización de exposicións, feiras ou eventos de diferente índole.

Sala de exposicións II (acceso por Velázquez Moreno, 18): 35 metros lineais. Dispoñible para a organización de exposicións, feiras ou eventos de diferente índole.

Afundación conta cunha longa traxectoria a prol da cultura e posúe en todo o territorio galego espazos onde difunde e organiza o seu programa cultural. Nomeadamente nas cidades de A Coruña e Vigo, mantén os referidos espazos máis senlleiros e acaídos para albergar a exposición de Isaac Díaz Pardo.

A idoneidade destas sedes para realizar a referida exposición, deriva do seu recoñecemento por parte da cidadanía galega, como grandes contedores culturais, cunha actividade continua e moi relevante para Galicia.

Igualmente a localización de ambas sedes en dúas grandes cidades que dispoñen de importantes nudos de comunicación e transportes, permitirá achegar a figura de Isaac Díaz Pardo a un maior número de visitantes.

Dispoñendo de medios óptimos para a exhibición da exposición e tendo en conta os seus obxectivos fundacionais, Afundación entende de interese poñer en valor a figura de Isaac Díaz Pardo, e promocionar o patrimonio cultural que este insigne persoeiro xerou durante toda a súa



vida.

TERCEIRO.- Que a Fundación e Afundación, no convencemento da relevancia do fito histórico relativo ao centenario do nacemento de Isaac Díaz Pardo, entenden necesario a difusión da conmemoración da efeméride, para o que conveñen en acordar a realización da exposición temporal “As Miradas de Isaac” nas sedes de Afundación en A Coruña e Vigo, unha vez se clausure a realización da mesma no Museo Centro Gaiás (Cidade da Cultura de Galicia) o 30 de Maio de 2021.

Tendo en conta o anterior, a Fundación e a Afundación, manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento desde proxecto, e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio a colaboración entre a Fundación e a Afundación, para realizar a exposición “As Miradas de Isaac” nas sedes de Afundación en A Coruña e Vigo, unha vez se clausure a realización da mesma no Museo Centro Gaiás (Cidade da Cultura de Galicia) o 30 de maio de 2021, como segue:

- Sala de exposicións da sede Afundación en A Coruña: do 29 de xuño ao 28 de agosto de 2021.
- Sala de exposicións da sede Afundación en Vigo: do 24 de setembro ao 27 de novembro de 2021.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

En virtude do presente convenio, a Fundación se obriga a, tras a clausura da exposición temporal “As Miradas de Isaac” no Museo Centro Gaiás o 30 de maio de 2021;

1. Entregar a Afundación, para a súa aprobación, propostas relativas ás obras que integrarán a exposición a realizar en A Coruña e Vigo, feita polos comisarios da exposición, exhibidas no Museo Centro Gaiás e cuxa itinerancia fose previamente autorizada polos prestadores e titulares das obras.

Unha vez as partes determinen as obras a expoñer en A Coruña e Vigo consonte a este convenio, subscribirán un documento no que se detallarán esas obras que, asinado por ambas partes, se unirá ao presente como anexo, formando parte integrante do mesmo.

A Fundación porá a disposición de Afundación as obras a expoñer debidamente embaladas para o seu traslado dende o museo á Sala de exposicións da sede Afundación en A Coruña do 29 de xuño ao 28 de agosto de 2021.

2. De ser necesario, ceder vitrinas ou soportes para a exhibición das obras, conforme concreten as dúas partes asinantes deste convenio, durante o tempo que dure a itinerancia na sedes de Afundación, sempre que non teñan que ser utilizados por parte da Fundación para outras mostras ou actividades.
3. Xestionar e asumir os custos derivados do transporte das obras e de vitrinas ou soportes, desde o Museo Centro Gaiás (Santiago de Compostela) ata a Sala de exposicións da sede Afundación en A Coruña, e desde ésta ata a Sala de exposicións da sede Afundación en Vigo, así como a súa posterior devolución aos prestadores ou titulares das obras dende Sala de exposicións da sede Afundación en Vigo. Inclúense os traballos, tanto na concentración como na dispersión, do transporte, entrega e recepción das obras e das vitrinas ou soportes a concretar, almacenamento das obras no lugar asignado ao efecto por ambas partes e a devolución das obras que non se expoñan.



O transporte será realizado por unha empresa especializada no movemento de obras de arte, con acreditada experiencia no sector. O transporte terrestre deberá realizarse en vehículos de máxima seguridade, protexidos contra roubo e acondicionados para o transporte de obras de arte (con suspensión pneumática, climatización, GPS, etc.), cumprindo a normativa vixente sobre transporte e seguridade. Durante o transporte, os valores de Humidade Relativa e Temperatura serán os mesmos que os esixidos para a exposición das obras.

4. Facilitar a Afundación os rexistros de entrada e saída das obras do Museo Centro Gaiás, que recollen o informe de revisión do estado de todas as obras durante desmontaxe e montaxe e durante a desmontaxe e desmontaxe das pezas na exposición no Museo Centro Gaiás, asinado polas persoas designadas polas entidades prestadoras do servizo (de ser o caso) e as técnicas de Exposicións da Fundación. A Fundación, na medida do posible e preservando os datos de carácter persoal que poidan ser tratados en virtude do presente convenio, entregará á Afundación información necesaria sobre características das obras, condicións esixidas polos prestadores de obra e valores das mesmas aos efectos de aseguramento mediante póliza de seguro “cravo a cravo”.
5. Ceder o uso temporal e unicamente ata a clausura da exposición na sala de exposicións da sede Afundación en Vigo o 27 de novembro de 2021, dos audiovisuais interactivos, empregados na exposición a organizar no Museo Centro Gaiás; estes materiais se adaptarán as necesidades de obra segundo listado definitivo de obra a itinerar consonte ao anexo referido ao principio da presente Cláusula, vinculado á autorización dos prestadores ou titulares á itinerancia nas sedes de Afundación. Neste sentido, corresponde a Fundación a xestión e asunción dos custos derivados da adaptación dos audiovisuais da exposición.

En calquera caso, a cesión se refire unicamente ao uso destes materiais e se restrinxen dita utilización á exhibición da exposición “As Miradas de Isaac” nas salas expositivas de Afundación en Vigo e A Coruña. A cesión de uso non implica a transmisión da propiedade de ditos elementos nin a posibilidade de cesión a terceiros de dito material.

6. Xestionar e asumir os custes derivados da contratación da coordinación e comisariado xeral da exposición e da adaptación do audiovisual “Un ollar de ollares”.
7. Xestionar e asumir os custos derivados da maquetación, produción e colocación da gráfica da montaxe e da gráfica de difusión trilingüe (castelán-galego-inglés).
8. Facilitar, sen custo, 10 catálogos da exposición como cortesía.

Signifícase que o deseño gráfico e creación dunha identidade gráfica para a exposición “As Miradas de Isaac” foi contratada pola Fundación a JOSÉ LUIS DÍAZ ARIAS DE CASTRO, polo que en virtude da protección dos dereitos recoñecidos pola Lei de Propiedade Intelectual, a Afundación deberá ter en conta dita circunstancia respecto da adaptación dos arquivos de gráfica en sala á montaxe.

En virtude do presente convenio, Afundación obrígase a:

1. Manter ás condicións de préstamo impostas polos prestadores e titulares das obras que figuran en anexo, do cal será informada previamente pola Fundación. Para elo, ésta, xestionará as oportunas prórrogas de préstamo cos prestadores e titulares respecto das obras que finalmente se exhiban nas salas expositivas de Afundación consonte ao anexo que se refire ao principio da Cláusula ; en todo caso, a xestión de prórrogas non conleva a responsabilidade da Fundación polo incumprimento das condicións de préstamo por parte de Afundación. Afundación responderá de todos os danos e prexuízos que sufran as obras en tanto obren no seu poder, por causas imputables á mesma, incluídos os



derivados das posibles vulneracións dos dereitos relacionados coa propiedade intelectual que se produzan como consecuencia da itinerancia da obra.

2. Neste acto, Afundación garante que dispón das condicións adecuadas para albergar a exposición, as cales a Fundación declara coñecer e coas que está conforme aos efectos do presente convenio i, en concreto, que as salas expositivas gozan das seguintes condicións de seguridade;
 - Alarma de intrusión conectada con central de alarmas.
 - Alarma contra incendios.
 - Cámaras de circuíto pechado de TV.
 - Persoal permanentemente en sala durante horario expositivo.
 - Cámaras de circuíto pechado de TV exteriores no edificio.
 - Climatización do espazo expositivo con control de temperatura.
3. Asumir os custos da montaxe e posterior desmontaxe das obras nas Salas de exposicións da sedes de Afundación en A Coruña e Vigo. Co fin de aclimatar as obras, estas deberán permanecer dentro da embalaxe precintada polo menos 24 h, nunha sala coas mesmas condicións climáticas que as salas de exposicións. As obras deberán ser instaladas no lugar definitivo que lle corresponda na exposición e será identificada na cartela coa información facilitada polos prestadores e titulares das obras e pola Fundación, así como consonte concrete con Afundación.

Como norma xeral, as obras nunca poderán exhibirse con incidencia de luz solar directa.

As salas de exposición que acollan pezas que así o requiran manterán as seguintes condicións ambientais:

- Humidade relativa: dentro do rango 50 % \pm 5% sen osculacións.
 - Temperatura: 20° \pm 2° C
 - Intensidade da luz: pintura <150 luxes, obra sobre papel <40 luxes
 - Radiación ultravioleta inferior a 70 μ w/lumen.
4. Contratar unha póliza de seguro a todo risco “cravo a cravo” sobre todas as obras obxecto de itinerancia, con cobertura desde a entrega das mesmas na sede de Afundación en A Coruña ata a súa entrega á Fundación tras a clausura da exposición en Vigo. Esta póliza cubrirá os riscos do transporte así coma os da súa estancia nas sedes e calquera outro emerxente de sucesos que poidan producirse con motivo do préstamo, na que se especifique o valor das obras segundo a información aportada pola Fundación.

A estes efectos, expedirase un certificado que deberá ser emitido en castelán e deberá incluír expresamente as cláusulas relativas a:

- Institute Cargo Clauses A (ICCA).
- Institute Strikes Clauses, incluíndo a cobertura de terrorismo durante a estancia da obra
- Institute War Clauses.
- Cláusula de exoneración.
- Cláusula de exoneración da Policía Francesa (se procede).
- Cláusula de depreciación e/ou demérito artístico.
- Cláusula de danos por feitos mal intencionados.
- Cláusula de opción de recompra, sen límite de duración.
- Cláusula de museo.
- Cláusula de liquidación de sinistros sen franquía.
- Cláusula de descabamento (se procede).
- Cláusula de marcos (se procede).
- Cláusula de exclusión por contaminación radioactiva.



- Cláusula de cristal (se procede).

O orixinal do certificado do seguro, no que figurará o valor en euros e as condicións específicas da póliza deberán estar en poder de Afundación e da Fundación polo menos 5 días antes da súa entrada en vigor.

A Fundación e Afundación verificarán a adecuación das condicións da póliza de seguro antes do inicio da exposición na sede de Afundación en A Coruña.

5. Contar cun servizo de seguridade durante 24 horas, constante e adecuado á protección do préstamo contra incendio, roubo, vandalismo, inundación, e que deberá axustarse ás condicións lumínicas e ambientais especificadas no punto 3
6. Diseñar e producir ao seu cargo os materiais para a difusión da exposición, como invitacións, información para prensa e web, material audiovisual, etc., así coma os que, no seu caso, se deriven da edición de folletos ou catálogos.
7. A cumprir as demais condicións e obrigacións establecidas polos prestadores ou titulares das obras no referente a condicións ambientais, manipulación, embalaxe, seguro, montaxe, exhibición, reprodución de imaxes, e outras que puideren corresponder; das que lle informará a Fundación previamente a elaborar o anexo que se refire ao principio da Cláusula Segunda
8. Asumir os custes derivados da montaxe de soportes audiovisuais, empregados na exposición a organizar que se recollerán nun documento que se unirá como anexo a este convenio nas mesmas condicións que foran entregadas á Afundación.
9. Facer constar expresamente en toda a comunicación que se realice da exposición, non só en materiais físicos ou dixitais, senón en rolda de prensa ou presentacións a colaboración coa Fundación– Xunta de Galicia.
10. Facilitar mensualmente o número de asistentes á exposición e un dossier final da exposición cos datos relevantes da mesma.

TERCEIRA.- FINANCIACION

As partes asumirán os custos correspondentes de acordo cos seus respectivos orzamentos. Para o caso da Fundación, os recursos proceden do financiamento privado, concretamente, do Fondo Gaiás da Empresa Galega.

CUARTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente acordo en calquera momento, por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de dez días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Establécese unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por un mínimo de dous representantes por cada unha das partes. Os membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, será anunciada na convocatoria de reunión correspondente, e quedará debidamente reflectida na acta da mesma.



Esta comisión estará presidida por un dos representantes da Fundación, e actuará como secretario un dos representantes de Afundación.

A Comisión de Seguimento asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Supervisar a execución do convenio.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se deriven do presente convenio.

A comisión reunirse en sesión constitutiva no prazo dun mes dende a sinatura do convenio e poderá reunirse cantas veces estimen oportuno as partes, e por iniciativa de calquera delas.

SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

1. Tratamento de datos persoais das partes intervenientes no convenio.

As partes intervenientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, o RXPd). A lexitimación para o tratamento dos datos será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13 e, no seu caso, pactar o correspondente réxime do tratamento.

Poderán exercitarse os dereitos de acceso, rectificación i, en ocasións, limitación ao tratamento, ou cualesquera outros que nesta materia lles recoñeza a lexislación aplicable, nos termos legalmente establecidos, dirixíndose ao Comité de Privacidade, ben por escrito á Rúa San Andrés 135, piso 2, 15003, A Coruña, ou por correo electrónico en la dirección rgdp@afundacion.org.

2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no Acordo.

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional i, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar os devanditos documentos e informacións exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicalos, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a fornece;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.



SÉTIMA.- RÉXIME XURÍDICO E SOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS

O presente convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

As eventuais discrepancias derivadas do presente convenio que non poidan ser resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula quinta, resolveranse polo procedemento previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, para os conflitos de atribucións.

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

OITAVA.- VIXENCIA

Este convenio producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto.

NOVENA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo.

DÉCIMA. MISCELÁNEA.

1. Todos os tributos ou taxas que se deriven da celebración ou execución deste Convenio serán satisfeitos polas Partes segundo as mesmas resulten obrigadas polo disposto na normativa aplicable.

E en proba de conformidade co exposto, asinan convenio, telemáticamente, considerándose asinado en Santiago de Compostela na data que figura na sinatura dixital pola Fundación

Pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Pola Fundación Galicia Obra Social

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

D. Pedro Otero Espinar

ANEXO I: MATERIAL CEDIDO POLA FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA
ANEXO II: OBRIGAS DAS PARTES



Relación materiais de soporte para “As Miradas de Isaac” Préstamo Itinerancia Afundación, A Coruña

Sección 01. O pai. Camilo Diaz Baliño

3 Vitrinas metálicas

2 vitrinas metálicas de 80X200X90 cms.

1 vitrina metálica de 80X80X90 cms.

Sección 02. O pai. Infancia en Compostela e mocidade

2 Vitrinas metálicas

1 vitrina metálica de 80x200x90 cms.

Sección 03. Plástica

2 vitrinas metálicas

2 vitrinas metálicas de 80x200x90 cms.

Sección 04. O exilio

2 vitrinas madeira

2 vitrinas de madeira de 80x204x97 cms.

Sección 05. Pensamento e escrita

1 Vitrinas metálica

1 vitrina metálica de 80x200x90 cms.

Sección 06. Arte/industria

3 vitrinas madeira

1 vitrina metálica

1 peana baixa de madeira 50x110x66 cms.

2 vitrinas de madeira de 80x204x97 cms.

1 vitrina de madeira de 96,5x204x80 cms.

1 vitrina metálica de 80x80x90 cms.



Sección 07. Recuperación da memoria

3 vitrinas madeira e metálica

1 vitrina de madeira e metálica de 102x200x80 cms.

2 vitrinas de madeira e metálica de 96,5x204x80 cms.

Neste caso o sobre da planera é igual ao resto de metálicas, pero en vez de ter patas metálicas vai montado sobre bases de madeira de pino a modo de pódiums.

Sección 08. Laboratorio de Formas

2 vitrinas metálicas

1 peana baja de DM branca de 243x123,5x21,5 cms.

3 peanas de madeira de 75x75x61 cms.

2 vitrinas metálicas de 80x215x90 cms.

Sección 09. A palabra impresa

2 Vitrinas metálicas

2 vitrinas metálicas de 80x200x90 cms.

Sección 10. O Museo Carlos Maside

2 vitrinas metálicas

2 vitrinas metálicas de 80x215x90 cms.

Total Vitrinas: 22 vitrinas	
3 vitrinas metálicas e de madeira	1 de 102x200x80 cms. 2 de 96,5x204x80 cms
14 vitrinas metálicas	7 de 80x200x90 3 de 80x80x90 4 de 80x215x90
5 madeira	4 de 80x204x97 1 de 96,5x204x80
Total peanas: 5	
4 madeira	1 de 50x110x66 3 de 75x75x61
1 DM branca	1 de 243x123,5x21,5

***Vitrinas metálicas marcadas en cor vermella** | *Medidas en cm, expresadas en profundidade x largo x altura.



ANEXO II

"AS MIRADAS DE ISAAC" REPARTO DE TAREFAS

CONCEPTO	INSTITUCIÓN RESPONSABLE		
	CIDADE DA CULTURA	AFUNDACIÓN	OUTROS
EXPOSICIÓN			
Comisariado da exposición	X		
Deseño da gráfica	X		
Peticións das obras da exposición	X	X	
Transporte de obras da exposición	X		
Seguros das obras		X	
Almacenaxe de embalaxes baleiros durante a exposición		X	
Soportes (vitrinas, peanas, etc.)	X	X	
SALA			
Colocación das obra da exposición en sala		X	
Adaptación do deseño en sala		X	
Adaptacións do deseño gráfico da exposición (maquetación de textos e cartelas)	X		
Produción e colocación da gráfica en sala	X		
Vixilancia das salas expositivas		X	
Mantemento das condicións ambientais das salas		X	
Limpeza das salas expositivas		X	
DIFUSIÓN E PUBLICIDADE			
Dereitos de imaxe das pezas da exposición		X	
Contratación, produción e execución da campaña de comunicación ou publicidade da exposición, dacordo coas institucións/entidades implicadas		X	
Adaptación do deseño do material de difusión, publicidade e promoción da exposición e a súa aprodución a partir do existente		X	
ACTOS DE INAUGURACIÓN			
Espazos para a celebración da inauguración e a rolda de prensa e organización da mesma		X	
Organización dos actos de inauguración		X	

